

**Convenio colectivo da empresa Vulcarol, S.L. (centro de traballo da refinaría de Repsol Petróleo da Coruña).
(Anos 2004-2005)¹**

Artigo 1º.-Ámbito funcional e territorial.

Este convenio regulará as relacións de traballo entre a empresa Vulcarol, S.L. dedicada á limpeza industrial da refinaría da Coruña e os/as seus/súas traballadores/as, cuxa relación laboral básica está establecida na ordenanza laboral de traballo.

Artigo 2º.-Ámbito persoal.

Afecta a todos os/as traballadores/as que presten os seus servizos nas empresas descritas no artigo anterior, ou que sexan contratados durante á súa vixencia, tanto por empresas establecidas como polas que se establezan no futuro.

Artigo 3º.-Vixencia e duración.

Este convenio terá unha vixencia de dous anos desde o 1 de xaneiro de 2004 ata o 31 de decembro de 2005.

Artigo 4º.-Denuncia.

Este convenio deberá denunciarse por calquera das partes antes dos tres últimos meses de 2005.

As partes comprométense a, unha vez denunciado o convenio para o ano 2006, iniciar as negociacións, o máis tardar, no mes de decembro de 2005.

Artigo 5º.-Prórroga.

Este convenio prorrogarase tacitamente de ano en ano se ningunha das partes o denunciase ao seu termo ou ao dalgunha das súas prórrogas.

No caso de prorrogarse por un ano, efectuarase un aumento salarial equivalente ao incremento porcentual do IPC real no seu conxunto estatal nos doce meses anteriores.

Artigo 6º.-Comisión paritaria.

A comisión paritaria constituirase no momento da sinatura deste convenio. Esta comisión paritaria, constituída por un representante da parte empresarial e un da parte social, será o organismo encargado de vixiar e interpretar o cumprimento deste convenio.

Artigo 7º.-Condicións máis beneficiosas.

Os/as traballadores/as que con anterioridade á sinatura do convenio desfrutasen de condicións máis beneficiosas, consideradas en conxunto e cómputo anual, que as aquí pactadas, conservaranas.

Artigo 8º.-Xornada laboral.

A xornada máxima será de 39 horas semanais (de luns a venres) de traballo efectivo segundo o estipulado no calendario laboral de mantemento do persoal de Repsol. Esta distribución farase a xeito de calendario anual, o cal deberá ser asinado polo representante dos/as traballadores/as.

Artigo 9º.-Salarios.

Durante o ano 2004, os traballadores afectados por este convenio percibirán os salarios estipulados no anexo I.

¹ Publicado no DOG núm. 221, do 12 de novembro de 2004.

Para o ano 2005, aplicarase unha suba sobre todos os conceptos económicos do convenio do IPC previsto máis o 0,5%.

Artigo 10º.-Antigüidade.

Aboarase un complemento persoal de antigüidade fixado en trienios, segundo as contías fixadas no anexo III do convenio colectivo de limpeza de edificios e locais da Coruña 1998-2001. A partir do 31-12-1998 non se devengarán novos trienios. A todos aqueles traballadores que tivesen pendente de cumprir un novo trienio, a excepción daqueles que conten cunha antigüidade posterior ao 1-1-1998, aboaráselles a parte correspondente ao tempo transcorrido desde a data do último trienio cumprido e o 31-12-1998, rateado por meses, e nas contías que se establecen no anexo III do convenio colectivo mencionado anteriormente. A suma destas cantidades pasará a denominarse complemento de antigüidade consolidada.

Pola desaparición do complemento de antigüidade, a partir do 1-1-1999, todos os/as traballadores/as percibirán unha compensación económica, segundo as cantidades, e polos conceptos, establecidos no anexo IV do convenio colectivo xa citado, a aboar nun período de 6 anos, 1999 a 2004, a razón de 1/6 anual.

O complemento de antigüidade consolidada terá unha revisión, no ano 2004, do 2,5%. Para o ano 2005, terá un incremento do IPC previsto máis o 0,5%.

Artigo 11º.-Complemento de asistencia.

Establécese, para o ano 2004, un complemento de asistencia na contía de 53,28 euros mensuais para todos os/as traballadores/as, calquera que sexa a súa antigüidade ou categoría.

No caso de faltar ao traballo un día ou dous medios, sen xustificar, descontarase a totalidade do complemento.

No caso de enfermidade, descontarase a parte proporcional aos días faltados, coas excepcións que quedan recollidas no artigo 38 do convenio.

Artigo 12º.-Complemento de transporte.

Establécese, para o ano 2004, un complemento de transporte de 53,01 euros mensuais para todos os/as traballadores/as, calquera que sexa a súa antigüidade ou categoría.

Este complemento percibirase nas 12 mensualidades, e a pro rata da xornada realizada.

Artigo 13º.-Complemento de tóxicos.

Todos os/as traballadores/as que realicen as súas funcións en Repsol Petróleo percibirán un complemento de tóxicos dun 20% do salario base por día efectivo de traballo.

Artigo 14º.-Complemento de actividade.

Será de 13,11 euros mensuais no ano 2004. Terá a mesma suba anual que a que experimente o convenio.

Artigo 15º.-Complemento de pistola.

Para o 2004 será de 6,38 euros diarios cando se traballe en máxima, independentemente que o traballo sexa toda a xornada ou só parte dela. Para o 2005 o incremento deste complemento será o estipulado no artigo 9º deste convenio.

Artigo 16º.-Horas extraordinarias.

As partes asinantes deste convenio acordan a conveniencia de reducir ao mínimo indispensable a realización de horas extraordinarias, axustándose aos seguintes criterios:

a) Horas extraordinarias que veñan exixidas pola necesidade de reparar sinistros ou outros danos extraordinarios e urxentes, así como no caso de risco de perda de materias primas: si á súa realización.

b) Horas extraordinarias habituais: supresión.

c) Horas extraordinarias estruturais, que serán as necesarias por contratos ou períodos punta de produción, ausencias imprevistas, cambios de quendas e outras circunstancias de carácter estrutural ou técnico da propia natureza da actividade: mantemento, sempre que non quede a utilización das distintas modalidades de contratación temporal ou parcial previstas na lei.

d) En relación ao obxectivo de estimular a creación de emprego a través da redución de horas extraordinarias, as partes coincidiron na importancia do estrito cumprimento do artigo 35 do ET. O incumprimento deste artigo será considerado falta grave.

Precio das horas extraordinarias:

Normais: 8,46 euros no 2004 e 8,80 euros no 2005.

Festivas: 9,78 euros no 2004 e 10,17 euros no 2005.

Enténdese por festivas as horas traballadas en sábados, domingos, festivos e noites.

As horas pódense compensar en efectivo ou en tempo equivalente de descanso, previo acordo entre as partes:

5 horas extras normais: 1 xornada de descanso

4 horas extras festivas: 1 xornada de descanso.

No caso de que a empresa requira a realización de horas extraordinarias, a calquer/a traballador/a, estando éste/a no seu período de descanso, e éstas non superen o número de tres, aboaráselle media hora máis en concepto de extra, como axuda de transporte.

Artigo 17º.-Axudas de custo.

Establécese, para o ano 2004, un importe mínimo para as axudas de custo establecidas no artigo 42 da ordenanza laboral de 38,36 euros cando se teña que comer e pernoitar fóra da casa, de 21,53 euros cando se realicen as dúas comidas principais fóra do domicilio e de 12,87 euros cando se realice unha soa comida.

Se, por necesidades do servizo, a comida se retrasara ou se adiantara como mínimo media hora, a empresa aboaríala comida.

Artigo 18º.-Retén.

A empresa procurará evitar que os/as traballadores/as que estén de retén queden a facer horas extraordinarias, a non ser que as ditas horas pertencen ao retén.

Para o 2004 o valor do retén será de 100,97 euros por traballador/a e para o 2005 de 105,78 euros.

Artigo 19º.-Nocturnidade.

Fíxase un complemento de traballo nocturno dun 30% do salario base da táboa anexa para todos os/as traballadores/as que presten os seus servizos entre as 22.00 e as 6.00 horas.

Todo o persoal que traballe máis do 80% da súa xornada en horas nocturnas cobrará o complemento de nocturnidade sobre o 100% do salario base mensual.

Artigo 20º.-Limpeza de tanques.

A empresa e o representante dos/as traballadores/as negociarán a prima a percibir polos/as traballadores/as antes da limpeza de cada tanque.

A prima corresponde independentemente de que o/a traballador/a realice as súas funcións dentro ou fóra do tanque.

Artigo 21º.-Pagas extraordinarias.

Todo o persoal percibirá dúas pagas extraordinarias: paga extra de xullo e paga extra de Nadal. As citadas pagas abonaranse non máis tarde do 15 de xullo, a de xullo, e non máis tarde do 20 de decembro, a de Nadal.

O devengo das citadas pagas extraordinarias serán do 1 de xullo ao 30 de xuño, a de xullo, e do 1 de xaneiro ao 31 de decembro, a de Nadal.

O importe destas pagas será unha mensualidade de salario base máis o complemento de antigüidade consolidada.

As pagas extras percibiranse na súa integridade, independentemente que o/a traballador/a estivese en situación de IT por calquera causa.

Artigo 22º.-Gratificación en concepto de beneficios.

Consideraranse como tales e na contía dunha mensualidade de salario base máis o complemento de antigüidade consolidada. Esta paga deberá referirse ao ano natural anterior, aboándose a pro rata do tempo de servizo. A dita paga aboarase antes do día 20 do mes de marzo.

Igual que nas recollidas no artigo anterior, a paga de beneficios percibirase na súa integridade independentemente de que o/a traballador/a estivese en situación de IT por calquera causa.

Artigo 23º.-Traballos de categoría superior.

No caso de que por necesidade do servizo se fixesen traballos de categoría superior, percibiríanse os salarios correspondentes a esta categoría.

Artigo 24º.-Cambio de quenda.

Cando, por necesidade do servizo, sexa preciso facer un cambio de quenda obrigatoria, o/a traballador/a terá, cando menos 24 horas consecutivas de descanso. De non ser así, as horas percibiranse como horas extraordinarias.

Artigo 25º.-Categorías.

Todos/as os/as traballadores/as que actualmente, teñan a categoría de peóns especialistas, ascenderán á categoría de especialistas, a razón de dous por ano e a partir do 31 de decembro de cada ano. Sendo o comezo da aplicación deste artigo a partir do 31 de decembro do ano 2004.

Artigo 26º.-Pagamento de salarios.

As retribucións mensuais serán aboadas polas empresas dentro dos catro primeiros días de cada mes. A empresa concederá unha hora para o cobramento cando se faga por talón ou transferencia bancaria.

Artigo 27º.-Anticipos.

Os/as traballadores/as terán dereito a percibir, sen que chegue o día sinalado para o cobramento dos salarios, anticipos á conta do traballo xa realizado, non podendo ser superior ao 90% do realmente traballado. Entenderase como salario o correspondente a unha mensualidade máis a parte proporcional das pagas extraordinarias.

Artigo 28º.-Descansos.

Todo/a traballador/a de xornada continuada, terá dereito a un descanso de quince minutos obrigatorios, computable para todos os efectos como tempo de traballo efectivo.

A empresa comprométese a cumprir estritamente o artigo 34, punto 3º do ET (descanso de 12 horas entre xornadas).

Artigo 29º.-Tempo para o aseo.

Todo o persoal ten dereito a 20 minutos á saída do traballo para lavarse ou ducharse e cambiarse. Este tempo computa para todos os niveis como tempo de traballo efectivo.

Artigo 30º.-Vacacións.

Serán de 30 días naturais para todos/as os/as traballadores/as afectados/as por este convenio, retribuídas de acordo co salario base, antigüidade consolidada, complemento de asistencia e complemento de transporte, así como o 50% do complemento de nocturnidade que se viñese percibindo.

As vacacións non poderán ser compensadas en metálico, agás no caso de liquidación de contrato ou despedimento. As vacacións desfrutaranse por cada ano natural de servizo. No caso de que un/unha traballador/a se empregue no transcurso do ano ou deixe a empresa no transcurso do mesmo, desfrutará do tempo de vacacións segundo vínculo coa empresa.

O goce das vacacións anuais será rotatorio, non estando ningún traballador obrigado a desfrutar as vacacións no inverno durante dous anos consecutivos, entendendo como meses de inverno, todos os do ano, agás os de xuño a setembro, ambos inclusive.

O inicio do período de vacacións sempre será nun día laborable.

A lista das vacacións será feita tendo en conta que só poden coincidir 3 traballadores no mes de xullo, 3 no de agosto e 2 por cada un dos outros meses. Evitarase tamén a coincidencia de dous ou máis condutores por mes.

Artigo 31º.-Licenzas retribuídas.

As empresas darán obrigatoriamente licenzas retribuídas, como se de traballo efectivo se tratasen, para todos/as os/as traballadores/as que o soliciten, polos seguintes motivos:

-Por matrimonio: vinte días.

-Por matrimonio de fillos ou irmáns: un día.

-Por nacemento, adopción e acollemento de fillo: tres días naturais.

-Por enfermidade grave do cónxuxe, pais e fillos: tres días naturais.

-Por morte do cónxuxe, pais, irmáns, irmáns políticos, sogros, avós, fillos, xenros e noras: tres días naturais.

Polos últimos tres motivos se fose fóra da localidade: catro días naturais.

As parellas de feito terán os mesmos dereitos que os matrimonios, abondando con presentar o certificado de empadramento.

Nos supostos non recollidos neste punto observarase o establecido no Estatuto dos traballadores.

-Cumprimento dun deber público: o tempo necesario.

-Para asistir ao médico: o tempo necesario.

-Cambio de domicilio: un día natural. Se fose fóra da localidade: dous días naturais.

-Por exames: o tempo necesario.

-Asistencia a xuízos: o tempo necesario.

-A muller traballadora ten dereito a dezaseis semanas ininterrompidas ampliables por parto múltiple en dúas semanas máis por cada fillo/a a partir do/a segundo/a. O período de suspensión distribuirase á opción da interesada sempre que ao menos seis semanas sexan inmediatamente posteriores ao parto, podendo facer uso das mesmas o pai ao coidado do fillo/a.

Artigo 32°.-Licenzas non retribuídas.

Durante o ano, concederáanse sete días de licenzas non retribuídas, segundo as necesidades dos/as traballadores/as. Estas licenzas non se poderán fraccionar en máis de dous períodos.

Artigo 33°.-Roupa de traballo.

As empresas darán desde o primeiro día de traballo as roupas de protección, hixiene e traballo que fosen necesarias segundo o que prescribe a actual normativa de prevención de riscos laborais, ademais e obrigatoriamente entregaranse por ano, como mínimo, dúas fundas ou faenas completas (pantalón, camisa e chaqueta), dúas toallas de ducha, unha chaqueta de auga acolchada e a roupa necesaria en caso de deterioración. As fundas ou faenas e as toallas entregaranse antes do 31 de xaneiro e a chaqueta acolchada antes do 30 de setembro.

Artigo 34°.-Vestiaros.

A empresa virá obrigada a solicitar do seu cliente que se facilite un cuarto apropiado ás necesidades do persoal.

Artigo 35°.-Seguro de vida.

As empresas afectadas por este convenio subscribirán pólizas de seguro colectivo a favor de todo o persoal por un capital de 15.025 euros para as contingencias de morte, incapacidade permanente total, absoluta ou grande invalidez derivadas calquera delas de accidente laboral, incluído o accidente in itinere.

Artigo 36°.-Embarazos.

Durante a época de embarazo, por prescrición médica ou indicación do facultativo, a traballadora ocupará un posto de menos esforzo.

Artigo 37°.-Xustificantes médicos.

Será obrigación da empresa proporcionar ao centro de traballo os volantes de asistencia para uso dos/as traballadores/as no caso de enfermidade. O dito volante, selado e asinado polo médico e cuberto polo mesmo, deberá ser suficiente como xustificante do tempo de ausencia do/a traballador/a.

Artigo 38°.-Incapacidade temporal.

Os/as traballadores/as afectados por este convenio que causen baixa por accidente laboral percibirán o 100% do salario convenio desde o primeiro día da baixa.

Así mesmo, percibirán o 100% do salario convenio desde o primeiro día de baixa ata un máximo de catro meses, os/as traballadores/as que causen baixa de IT con hospitalización ou por intervención cirúrxica, independentemente de que parte do dito período estivese hospitalizado e parte de convalecencia domiciliaria.

O complemento de asistencia, as pagas extras e a paga de beneficios non se verán afectadas no seu importe habitual polas situacións de IT derivadas de accidente de traballo. Tampouco se verán afectados no seu importe polas baixas de IT contempladas no parágrafo anterior durante o período e nas condicións sinaladas nel. Con respecto á IT derivada de enfermidade común ou accidente non laboral terase en conta o disposto nos artigos 21 e 22 deste convenio, en relación co aboamento das pagas extraordinarias e gratificación de beneficios.

Artigo 39°.-Saúde laboral.

Será de aplicación a vixente Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais e normativa que a desenvolve.

As empresas recoñecen o dereito dos/as empregados/as a traballar nun medio exento de riscos de acoso sexual e comprométense a non permitir nin tolerar ningún comportamento desa natureza.

Acoso sexual: denomínanse acoso sexual aquelas conductas verbais ou físicas de natureza sexual que son consideradas ofensivas e non desexables pola persoa que as sofre.

As persoas comprométense a tratar con discreción e prontitude as reclamacións que se presenten por este motivo tanto de xeito persoal ou a través dos comités de empresa ou delegados de persoal.

Tamén se comprometen a non exercer ningún tipo de represalias sobre as persoas que sufran ou denunciaren actuacións deste tipo.

A revisión médica anual e obrigatoria será por conta da empresa.

Artigo 40º.-Período de proba.

O período de proba quedará establecido nas seguintes formas:

- a) Persoal obreiro ou subalterno: 15 días.
- b) Persoal técnico e administrativo: 2 meses.
- c) Persoal titulado: 2 meses.

Artigo 41º.-Contratos de formación.

Os contratos de formación en vigor terán a retribución correspondente a aplicar o tanto por cento que establece a súa lei reguladora, sobre o salario establecido para cada categoría neste convenio.

Artigo 42º.-Contratos eventuais por circunstancias do mercado.

Para este tipo de contrato será de aplicación o estipulado no artigo 36 do convenio colectivo provincial de limpeza de edificios e locais da Coruña.

No suposto de non producirse a extinción á terminación da súa vixencia máxima, se o/a traballador/a segue prestando servizos nela, o contrato transformarase en indefinido.

Este contrato só será de aplicación para o persoal que preste servizos directamente para as empresas do sector, nunca aos de empresas de traballo temporal.

Artigo 43º.-ETT.

As partes afectadas por este convenio renuncian expresamente á utilización de empresas de traballo temporal.

Artigo 44º.-Cesamentos voluntarios.

O prazo de aviso previo nos casos de cesamento voluntario dos/as traballadores/as será de 15 días.

Artigo 45º.-Xubilación.

No caso de que os/as traballadores/as, acolléndose ao Real decreto lei 14/1981, do 4 de agosto, opten á modalidade especial de pensión por xubilación aos 64 anos de idade, as empresas afectadas por este convenio obríganse a substituír simultaneamente o/a traballador/a xubilado/a por outro que sexa titular do dereito a calquera das prestacións por desemprego ou xove demandante do primeiro emprego.

As partes afectadas por este convenio acordan acollerse ao Real decreto 1131/2002, que regula a xubilación parcial.

Artigo 46º.-Revisión salarial.

Sempre que o IPC real do ano 2004, máis o 0,50%, fose superior á subida inicialmente aplicada neste ano, realizarase unha actualización de táboas salariais, con vixencia desde o 1-1-2005, na diferenza existente entre a suba inicial e o IPC real resultante máis o 0,50%. Estas táboas actualizadas servirán de base para a confección das táboas salariais para o ano 2005.

Sempre que o IPC real do ano 2005, máis o 1%, fose superior á suba inicialmente aplicada neste ano, realizarase unha actualización de táboas salariais, con vixencia desde o 1-1-2006, na diferenza existente entre a subida inicial e o IPC real resultante máis o 1%. Estas táboas actualizadas servirán de base para a confección das táboas salariais para o ano 2006.

Dentro do mes de xaneiro de 2006, e unha vez coñecido o IPC real do ano 2005, reunirse a comisión paritaria deste convenio para o efecto de aplicar a revisión salarial que proceda. Unha vez chegado a acordo na negociación do convenio para 2006, recollerase no texto do mesmo a porcentaxe total para aplicar para ese ano, que englobará o incremento pactado para o convenio así como a revisión aplicada no mes de xaneiro.

Artigo 47º.-Dereitos sindicais.

As empresas incluídas no ámbito funcional deste convenio, descontarán na nómina mensual dos/as traballadores/as, por petición destes, o importe da cota sindical correspondente. Para o cal, os/as traballadores/as interesados/as, remitirán á dirección da empresa un escrito en que expresarán con claridade a orde de desconto, a central ou sindicato a que pertencen, a contía da cota, así como o número da conta corrente ou libreta de aforros do banco ou caixa de aforros para poder ser transferida a citada cantidade.

Os/as traballadores/as que, tendo a condición de representantes sindicais, realicen a súa xornada laboral en horas nocturnas, poderán disfrutar as horas sindicais que puidesen corresponderlles na xornada laboral anterior ou posterior, de común acordo coa dirección da empresa e seguindo en todo caso criterios organizativos.

Seccións sindicais: amplíase ás empresas de 50 ou máis traballadores todos os dereitos sobre seccións sindicais de empresa, os estipulados na Lei orgánica 11/1985, do 2 de agosto, de liberdade sindical.

Quen obteña cargos a nivel provincial, autonómico ou estatal, nas organizacións sindicais terán dereito a excedencia forzosa, con reserva do posto de traballo e reingreso automático. Así mesmo, terán dereito á asistencia e ao acceso ao centro de traballo para participar en actividades propias do seu sindicato ou do conxunto dos/as traballadores/as, logo de comunicación ao empresario e sen que o exercicio

deste dereito poida interromper o desenvolvemento normal do proceso produtivo.

As empresas facilitarán na medida das súas posibilidades a realización de asembleas cando fose necesario, naqueles centros que reúnan condicións para isto e nos demais centros facilitarán aos/ás traballadores/as a asistencia ás ditas asembleas cando se realicen noutro lugar. O exercicio deste dereito non afectará a xornada laboral, polo que será recuperable o tempo de traballo que se vexa afectado pola realización das citadas asembleas.

Polo demais, as competencias e garantías da representación dos/as traballadores/as, será a establecida nos artigos 64 e 68 do ET e na Lei orgánica de liberdade sindical.

Artigo 48º.-Adscrición do persoal.

1. Ao termo da concesión dunha contrata de limpeza os/as traballadores/as da empresa contratista saínte pasarán a ser adscritos á nova titular da contrata, quen se subrogará en todos os dereitos e obrigacións, sempre que se dea algún dos seguintes supostos:

a) Traballadores/as en activo que presten servizos no dito centro cunha antigüidade mínima de seis meses, sexa cal for a modalidade do seu contrato.

b) Traballadores/as que no momento do cambio de titularidade da contrata se atopen enfermos, accidentados, en excedencia, no servizo militar ou en situación análoga, sempre e cando prestasen os seus servizos no centro de traballo de subrogación con anterioridade á suspensión do contrato de traballo, e que reúnan a antigüidade mínima establecida na alínea a).

c) Traballadores/as que con contrato de interinidade substitúan algúns dos/as traballadores/as citados na alínea anterior.

d) Traballadores/as de novo ingreso que por exixencias do cliente se incorporaran ao centro de traballo como consecuencia da ampliación da contrata, dentro dos últimos seis meses.

e) O persoal incorporado polo anterior titular a este centro de traballo dentro dos seis meses, seguirá pertencendo á dita empresa e non se producirá a subrogación citada agás que se acredite a súa nova incorporación ao centro e a empresa.

2. Todos os supostos anteriormente contemplados deberán acreditarse, fidedignamente e documentalmente pola empresa saínte no prazo de cinco días hábiles, mediante os documentos que se detallan ao final deste artigo.

O indicado prazo contará desde o momento en que a empresa entrante comunique fidedignamente á saínte e á Asociación Provincial de Empresarios de Limpeza da Coruña, ser a nova adxudicataria do servizo. De non cumprir este requisito a empresa entrante, automaticamente, e sen máis formalidades, subrogarase en todo o persoal que preste os seus servizos no centro de traballo.

En calquera caso, o contrato de traballo entre a empresa saínte e os/as traballadores/as, só se extingue no momento que se produza a subrogación del á nova adxudicataria.

3. Non operará a subrogación no caso dun contratista que realice a primeira limpeza e non subscribise contrato de mantemento.

4. Se a subrogación dunha nova titular da contrata implicase que un/unha traballador/a realizase a súa xornada en dous centros distintos afectando a un só deles, o cambio da titularidade da contrata, os titulares das mesmas xestións o pluriemprego legal do/a traballador/a, así como o desfrute conxunto de período das vacacións, aboándose pola empresa saínte a liquidación por partes proporcionais das pagas correspondentes. Esta liquidación non implicará a quitación, se se segue traballando para a empresa.

5. A aplicación deste artigo será de obrigatorio cumprimento ás partes que vincula, empresa cesante, nova adxudicataria e traballador/a.

Non desaparecerá o carácter vinculante deste artigo no caso de que a empresa adxudicataria do servizo o suspendese por un período inferior a seis meses; o dito persoal, con todos os seus dereitos, adscribirase á nova empresa.

Documentos que facilitará a empresa saínte á entrante:

-Documento de adscrición (anexo II).

-Certificado do organismo competente de estar ao día do pagamento da seguridade social.

-Fotocopias das 4 últimas nóminas do persoal afectado.

-Fotocopia dos TC1 e TC2 de cotización á seguridade social dos 4 últimos meses.

-Copia do último contrato de traballo e as súas prórrogas, no caso de existiren.

-Relación do persoal en que se especifique nome e apelidos, enderezo, nº de afiliación á seguridade social, antigüidade, xornada, horario, modalidade da súa contratación e data de desfrute das súas vacacións.

-Igualmente, e dentro dos 15 días seguintes á subrogación, a empresa saínte estará obrigada a enviar á empresa entrante, copia dos documentos, debidamente dilixenciados por cada traballador/a, en que se faga constar que este recibiu da empresa saínte a súa liquidación de partes proporcionais dos seus haberes ata o momento da subrogación, non quedando pendente cantidade ningunha. O incumprimento da entrega deste documento en nada afectará á subrogación dos/as traballadores/as.

Artigo 49º.-Normas supletorias.

Para o non previsto neste convenio, ou estando previsto sempre que beneficie os/as traballadores/as, será de aplicación o convenio colectivo provincial de limpeza de edificios e locais da Coruña.

Mentras non sexa subscrito un convenio marco ou norma equivalente, as partes comprométese a manter vixentes os textos da ordenanza laboral.

Artigo 50º.-Solución de conflitos.

As partes asinantes deste convenio, durante a súa vixencia, acordan someterse ás disposicións contidas no Acordo Interprofesional Galego sobre procedementos extraxudiciais de solución de conflitos colectivos de traballo (AGA), nos propios termos en que están formuladas.

ANEXO I

Táboa salarial ano 2004

Categoría	Día	Mes	Ano
Administrativos/as:			
Oficial de primeira	32,16	964,76	14.471,40
Oficial de segunda	28,65	859,36	12.890,40
Auxiliar	26,19	785,64	11.784,60
Mandos intermedios:			

Encargado/a xeral	33,05	991,49	14.872,35
Encargado/a de zona	30,68	920,52	13.807,80
Encargado/a de sector	29,41	882,37	13.235,55
Persoal de limpeza:			
Condutor/a-limpador/a	28,67	860,15	12.902,25
Especialista	27,36	820,77	12.311,55
Encargado/a	25,28	758,43	11.376,45
Peón especialista	24,28	728,32	10.924,80
Responsable de equipo	24,04	721,34	10.820,10
Peón limpador/a	23,67	710,04	10.650,60

Complementos:			
Assistencia	1,78	53,28	639,36
Transporte	1,77	53,01	636,12
Actividade	0,44	13,11	170,43
Tóxicos	20% do salario base		
Nocturnidade	30% do salario base		
Pistola	6,38		
Retén	100,97		
Horas extras normais	8,46		
Horas extras festivas	9,78		
-Axudas de custo:			
1 comida	12,87		

2 comidas	23,01
Axuda de custo completa	38,36

Os salarios diarios, agás o de pistola, son a título informativo.